# 1. Xeral

O calendario e resultadas das competicións galegas poderase consultar na web no enderezo:

https://gaelicogalego.gal/competicions/2026-27/liga-feminina/
https://gaelicogalego.gal/competicions/2026-27/liga-masculina/

# 2. Competicións

## 1) Formatos

- Formato 9vs9 tanto masculino coma feminino.
- Calendario dirixido para que os equipos que teñan feminino e masculino xoguen os máximos partidos posibles xuntos.

- **Liga masculina:**

  **Primeira volta.** Todos contra todos**.**

  **Segunda volta.** Os catro equipos mellores clasificados da primeira volta, xogan polo campionato senior, a partido dobre e con reseteo de puntos.

  Os restantes equipos, xogan polo campionato shield/plate divididos en dous grupos según localización xeográfica a partido dobre e con reseteo de puntos.

  Os dous primeiros clasificados de cada grupo xogaran unha final 4 shield en sede única.
  Os restantes equipos xogarán unha final 4 plate ou formato similar en sede única.

  ***IMPORTANTE:*** *Os equipos filiais non poden xogar polo campionato senior, ainda que logren a clasificación por puntos, o seu posto correrá ao seguinte da clasificación.*

- **Liga feminina:** campionato de ida e volta.


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

- As normas de xogo, serán as establecidas nos regulamentos da GAA e LGFA respectivamente, na tempada 2026/27 se incorporan as adaptación das novas normas, xa compartidas cos clubs.

  Lémbrase a obligatoriedade da realización dos cambios de xogadores nas inmediacións da liña do medio do campo, entre o espazo comprendido entre as dúas liñas de 45 m e sempre na banda onde se sitúen os banquetos. No caso de non cumprirse esta regra, sancionarase ao equipo infractor cun tiro libre na liña de 20 metros para o equipo rival. O árbitro pode autorizar, en caso de lesión ou circunstancias excepcionais, que o cambio se produza por outro lugar do campo.

  Todos os partidos comezaran cun protocolo de saúdo que foi compartido anteriormente.

- Lémbrase a obligatoriedade de que todxs adestredadorxs teñan o titulo oficial para sentarse nos bancos ou unha excepción do mesmo aprobada por competición ou o comité de adestradorxs.

  Non posuír a titulación requirida para a categoría pode implicar sancións tanto para o club coma para a persoa que exerza.

## 2) Convocatorias e idade mínima

O número mínimo e máximo de convocados por equipo para un partido de gaélico:

- Modalidade 11vs11: mínimo 7 futbolistas, máximo **18 futbolistas**
- Modalidade 9vs9: mínimo 6 futbolistas, máximo **16 futbolistas**
- Modalidade 7vs7: mínimo 5 futbolistas, máximo **12 futbolistas**

O/A xogador/a deberá ter 14 anos para poder formar parte dos equipos tanto en categoría feminina como masculina.

## 3) Clasificación para o Campionato Ibérico

**Masculino:** A clasificación da primeira volta masculina determina as prazas para o campionato ibérico tanto senior como shield.

**Feminino:** A clasificación da primeira volta feminina determina as prazas para o campionato ibérico tanto senior como shield.


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

## 3. Adiamento de encontros

A data máxima de comunicación de aprazamentos será os xoves ás 23:59h.

Calquera aprazamento a partir desa hora, considérase partido non presentado. Xs árbitrxs teñen dereito a organizar as súas fins de semana.

Acórdase prantexar calquera dificultade para presentarse aos partidos antes de desta data para buscar unha solución o máis pronto posible.

Non é necesario presentar documentación acreditativa para xustificar o aprazamento, pero a nova data do mesmo, terá que ser comunicada a Competición antes do luns ás 23:59. Co fin de que non se teña que tomar unha decisión precipitada, pero tampouco se adiade sine die.

En **caso de non chegar a acordo** de nova data o luns posterior á fin de semana afectada polo adiamento, será Competición quen proporá unha nova data para o encontro. Se finalmente o partido non puidese disputarse, considerarase como non presentado para o equipo que solicitou o adiamento.

Os equipos so poden solicitar un adiamento de partidos por tempada, salvo autorización expresa de Competición.

Pódense acordar trocos en datas de competición baixo acordo entre os clubs e coa autorización de competición, sempre que non se produzan na mesma semana do partido previsto.


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

## 4. Comité de Apelación

Para buscar resolver discrepancias graves entre os equipos e o Comité de Competición trala aplicación de sancións realizadas polo mesmo, na Asemblea do 7 de febreiro de 2022, tamén se acordou a creación dun Comité de Apelación excepcional:

- Unicamente se creará dito comité (e puntualmente) se o clube o solicita formalmente e sempre que existan alegacións ante a sanción en cuestión.
- Conformarano 3 persoas neutrais non implicadas no conflito.

## 5. Resolución de empates ao final das competicións

Os criterios de desempate entre equipos igualados a puntos ó final da competición, serán da seguinte maneira:

### *Artigo 3.2.3. Sistema de puntos*

*1. Nas competicións que se desenvolvan polo sistema de puntos, a clasificación final establecerase con arranxo aos obtidos por cada un dos clubs contendentes, a razón de dous por partido gañado, un por empatado e cero por perdido.*

*2. Se ao termo do campionato resultase empate entre dous clubs, atenderase por orde aos seguintes criterios de desempate:*

*a) Maior número de puntos acadados nos enfrontamentos directos*

*b) Maior diferenza de puntuación (goles e tantos) a favor tendo en conta os enfrontamentos directos*

*c) Celebración dun encontro de desempate en lugar e data determinados polo CGFG*

*d) Maior número de goles marcados nos enfrontamentos directos*

*e) Golaverage Xeral*


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

*3. Se o empate fose entre máis de dous clubs, realizarase unha "competición virtual" entre os equipos implicados, aplicando os mesmos criterios que no punto anterior.*

## 6. Sancións

As sancións por amoestacións, suspensións e non presentados actualízase da seguinte forma:

- Cartón amarelo: 1€
- Cartón negro: 3€
- Cartón vermello e cada partido de suspensión: 5€
- Non presentado a un partido: 50€
- Non subir alineacións ou horarios de partidos a intranet: advertencia e sanción progresiva

As sancións articulasen en base a un sistema de puntos de tal forma que se un xogador acada 3 puntos equivale a 1 partido de sanción.

- Cartón Vermello directo: 3 puntos
- Cartón vermello non directo (dous amarelos ou amarelo + negra) = 2 puntos
- Cartón negro = 1,5 puntos
- Cartón amarelo = 1 punto

**Se un técnico ou xogador@ acumula 3 puntos recibirá 1 partido de sanción**. O comité de competición pode ampliar o número de partidos de sanción se considera que existe un comportamento antideportivo.

Ás sancións publícanse sempre no seguinte ligazón:

https://gaelicogalego.gal/category/sancions/


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

## 7. Normativa específica para equipos B

*Isto aplícase a todos os torneos federativos oficiais, agás a Copa ou torneos dun só día.*

- *Os clubs poden crear un equipo B sempre que o equipo A conte con, polo menos, 9 fichas na intranet federativa.*

- *Un xogador con ficha no equipo A nunca pode xogar un partido co equipo B.*

- *Un xogador con ficha no equipo A e que xogou, polo menos, un partido co equipo A, non pode ser baixado ao equipo B ata que remate a presente tempada.*

- *Os xogadores do equipo B (salvo os +40, sub25 e primeira tempada na liga) poden xogar un máximo de 2 partidos co equipo A; ao terceiro partido considéranse, para todos os efectos, xogadores do equipo A e non poderán volver xogar co equipo B.*

- *Un xogador do B non pode xogar co A e co B no mesmo fin de semana deportivo, entendendo por fin de semana deportivo o período comprendido entre o venres ás 17:00 e o domingo ás 00:00.*

*Exceptuando os seguintes casos:*

*1. Xogadorxs menores de 18 anos (considérase menor de 18 anos toda a tempada se a 1 xullo x xogador/x tiña esa condición.*

*Exemplo: Xogador que ten 17 anos pero cumpre en xaneiro os 18 anos, considérase xogador menor de 18 .*

*2. Xogadorxs no seu primer ano como federado en fútbol gaélico.*

***Xogadores que poden subir do B o A de forma ilimitada***

- *Os xogadores do B poden subir ao equipo A de forma ilimitada durante a súa primeira tempada en fútbol gaélico.*


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

*A este respecto, indícase que:*

*Considérase que un xogador comeza a súa primeira tempada en fútbol gaélico no momento*
*en que, estando federado, xoga o seu primeiro partido oficial.*

*(Por exemplo, se un xogador estaba federado na tempada 2025/26 pero resultou lesionado antes de debutar, considérase igualmente xogador de primeiro ano na tempada 2026/27.)*

*Un xogador que cambia de equipo non ten a consideración de xogador novo.*

*Un xogador que xogou a fútbol gaélico noutra competición ou mesmo noutro país, pero non estivo federado en Galicia ten consideración de xogador novo.*

***Os xogadores sub 25 (menores de 25 anos) e máis de 40 que teñan ficha no B poden subir ao equipo A de forma ilimitada.***

*- Considérase sub 25 ao xogador que, a data de 1 de xullo, teña esa condición e manteraa ata que remate a tempada.*

*Exemplo:*
*Xogador A ten 24 anos a data de 1 de xullo de 2025 pero está de aniversario o 3 de decembro e sub25 toda a tempada.*

*- Un xogador será considerado como +40 no momento en que cumpra 40 anos.*

***Consideracións importantes a ter en conta:***

*Os xogadores novos, sub 25 e +40, para poder beneficiarse da posibilidade de subir, deben ter a súa ficha no equipo B.*

*O xogador acumula puntos por tarxetas con independencia de se estas proveñen de partidos do A ou do B.*


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

## 8. Normativa específica para equipos sub18

*Isto aplícase a todos os torneos federativos oficiais, agás a Copa ou torneos dun só día.*

- Só poderán participar xogadores/as menores de 18 anos.

- Considérase menor de 18 anos durante toda a tempada aquel xogador ou xogadora que tivese esa condición o 1 de xullo.

  *Exemplo: Xogadora de Auriense cumpre 18 anos en setembro de 2026, podería xogar toda a tempada de fútbol gaélico 2026/27, xa que a o 1 de xullo de 2026 tiña 17 anos.*

- Todo/a xogador/a sub-18 de Galicia poderá ser convocado/a pola selección e participar nos seus partidos.

- Os/as xogadores/as sub-18 poderán xogar a primeira volta da liga con outros equipos da súa localidade, sempre que xa estivesen a competir con eles.

- Os/as xogadores/as sub-18 poderán alternar a participación coa selección sub-18 e co seu equipo local durante a segunda volta, coa limitación de xogar un máximo de dous partidos por fin de semana.

  *Exemplo:* un xogador sub-18 podería xogar coa selección sub-18 e tamén co Estibadores ou con Keltoi nun mesmo fin de semana, pero non poderia xogar os tres partidos.

- Os/as xogadores/as acumularán sancións disciplinarias de xeito similar ao resto dos xogadores da liga, pero non se lles aplicarán sancións económicas ao final da tempada polas tarxetas recibidas.


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

***Localia dos equipos sub18***

Tal e como se aprobou na asemblea, dada a dispersión xeográfica dos/as xogadores/as, prevese establecer unha sede única para todos os partidos dos equipos sub-18 nun lugar céntrico de Galicia.

Os equipos sub-18 poderán xogar como locais os partidos de ida e volta correspondentes á segunda fase da liga masculina ou feminina, agás a Final Four masculina (Shield/Plate), que se disputará nunha sede única aínda por determinar.

Os equipos sub-18 poderán, voluntariamente, acceder a xogar un ou varios partidos fóra da casa, sempre que llo comuniquen ao equipo rival en tempo e forma.

Co obxectivo de reducir os custos dos equipos rivais e evitar realizar dous desprazamentos, permítese que os equipos rivais unifiquen os dous partidos nunha mesma xornada. Neste caso, cada partido terá unha duración de 35 minutos, divididos en dúas partes de 17 minutos e 30 segundos.

No caso da competición feminina, na que non haberá segunda volta dividida en grupos, permitirase que os equipos con filial xoguen os dous partidos nunha mesma xornada. Neste caso, cada partido terá unha duración de 35 minutos, divididos en dúas partes de 17 minutos e 30 segundos.

**Exemplo:** Lavandeiras e Lagartheiras poderían unificar os seus partidos e xogar contra a selección sub-18 nunha mesma data.

En caso de empate na clasificación, nos grupos nos que participe a selección, non se terá en conta o golaverage particular como criterio de desempate se algún dos partidos se disputou en formato de xornada unificada.


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

## 9. Custos arbitrais

- O custo arbitral para un partido é de 100 €.
- O custo arbitral para unha xornada dobre de equipos do mesmo club é de 145 €.

  *Sempre é cando sexa no mesmo campo e xogados un a continuación do outro e non pase máis de 45 minutos entre o final de un e o inicio do seguinte*

- O custo arbitral para unha xornada tripla de equipos do mesmo club é de 200 €.

  *Sempre é cando sexa no mesmo campo e xogados un a continuación do outro e non pase máis de 45 minutos entre o final de un e o  inicio do seguinte.*

## 10. Cuota anuais AGFG, GGE e mutualidade

| TAXAS DE PARTICIPACIÓN AGFG | | |
|---|---|---|
| **TIPO** | **COSTE** | **CONCEPTO** |
| **LIGA** | 100€/Equipo | *Cuota de participación en liga por cada equipo (fem, masc). Excluidos equipos novos ou en formación* |
| **COPA** | 40€/Equipo | *Cuota de participación por equipo.* |

| TAXAS GGE | | |
|---|---|---|
| **TIPO** | **COSTE** | **CONCEPTO** |
| **CLUB** | 20€/Clube | *Coste anual GGE por existencia Club* |
| **FICHA** | 15€/Xogador | *Coste por ficha* |


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal

| MUTUALIDADE ADULTOS | | |
|---|---|---|
| **TIPO** | **COSTE** | **CONCEPTO** |
| **EQUIPO ADULTO** | 125€/Clube | *Coste anual por equipo* |
| **EQUIPO CADETE OU INFERIOR** | 0€/Clube | *Coste anual por equipo* |
| **MUTUALIDADE ADULTO** | 114€/Xogador | *Coste por xogador adulto* |
| **MUTUALIDADE XUVENIL** | 79€/Xogador | *Coste por xogador xuvenil* |
| **MUTUALIDADE CADETE OU INFERIOR** | 0€/Xogador | *Coste por xogador cadete ou inferio a excepción de menores de 6 anos* |
| **DELEGADOS, TÉCNICOS OU AUXILIARES EN TODAS AS CATEGORIAS** | 76€/persoa | *Coste por delegado, técnico, auxiliar en todas as categorias* |


Rúa San Lázaro S/N | 15701 Santiago de Compostela | Correo: gaeligogalego@gaelicogalego.gal
gaelicogalego.gal